



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 24 DE XULLO DE 2026

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ

ISMAEL DURÁN BEREJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia a Concelleira:

LUCÍA PICOS ANEIROS

SECRETARIO:

NEDAL PABLO SHEHADEH REY

INTERVENTORA:

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 24 de xullo de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretario o titular da Corporación, don Nedal Pablo Shehadeh Rey, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 10.07.2026

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 10.07.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. RECOÑECIMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/35

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.07.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000192

Asunto: RECOÑECIMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/35



PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2026/35 que suma un importe total de 95.897,42 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2026/1488	16 69	02/06/2026	B15377534	MUEBLES Y CARP.GARCIA	Fabricación e colocación 2 pontes praza da Revolta	SE	171	63500	16.673,80 €
F/2026/1833	ANSA26 8	01/07/2026	B05422571	ANSAPIEN SL	2ª EDICIÓN CEDEIRA CASTREXA	SE	432	22799	19.946,85 €
F/2026/2012	FV26001911	03/07/2026	B88454624	SOLFIX ENGINEERING S.L	SISTEMA CCTV GESTIÓN DE TRÁFICO 8 CÁMARAS	SU	133	63500	18.139,11 €
F/2026/2066	V-FACTUR26 2026/1934	30/06/2026	A15379803	SOGAMA	Tratamento RU Xuño	SE	1623	22799	23.290,16 €
F/2026/2067	26 15	14/07/2026	B15689441	AXA ARQUEOLOGIA	INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA CAMPO DO CASTRO	SE	334	22706	17.847,50 €
								TOTAL	95.897,42 €

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 23.07.2026 relativo á fiscalización da relación de facturas F/2026/35 no tocante ás seguintes facturas:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2026/1488	16 69	02/06/2026	B15377534	MUEBLES Y CARP.GARCIA	Fabricación e colocación 2 pontes praza da Revolta	SE	171	63500	16.673,80 €
F/2026/1833	ANSA26 8	01/07/2026	B05422571	ANSAPIEN SL	2ª EDICIÓN CEDEIRA CASTREXA	SE	432	22799	19.946,85 €
F/2026/2012	FV26001911	03/07/2026	B88454624	SOLFIX ENGINEERING S.L	SISTEMA CCTV GESTIÓN DE TRÁFICO 8 CÁMARAS	SU	133	63500	18.139,11 €

Visto o Decreto de Alcaldía número 442/2026 de data 23.07.2026 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao



presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2026, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollerse para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2026/35 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2026 e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 95.897,42 euros.

SEGUNDO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 95.897,42 euros.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. ANULACIÓN DO RECIBO DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE TERRAZA CON NÚM. FIXO 543000752991 POR ERRO NO PADRÓN DO 2023. EXP: 2026/X999/000233.

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 15.07.2026, que literalmente di:



“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DO RECIBO DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE TERRAZA CON NÚM. FIXO 543000752991 POR ERRO NO PADRÓN DO 2023. EXP: 2026/X999/000233.

Datos do ben inmovible:

Enderezo:

Referencia catastral:

Nº Fixo: 543000752991

Exercicio: 2023

Primeiro. con comunica a notificación de dilixencia de embargo, emitida pola Deputación da Coruña en data 17.12.2025 e núm. de expediente 2024EXP35021808, por unha terraza sita en do exercicio 2023, cuxa copia consta incorporada ao expediente, referindo que nesa data non exercía actividade no local en cuestión. Incorporórase a seguinte documentación:

- Notificación da dilixencia de embargo de soldos e salarios.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2023, por erro no Padrón de instalación de terrazas do 2023.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

Cuarto. Consta informe da Policía local de data 15/07/2026 que conclúe:

“En relación con el solicitud adjunta se emite este informe indicando que en el año 2023 la titular del Bar Uruguay y de la terraza correspondiente era

En este año hay en el registro del Concello de Cedeira, solicitudes relacionadas con esta persona y el local en cuestión. Lo que hace indicar que es quien gestionaba esa terraza.

Desde ese año hasta la fecha no tiene ninguna relación ni con el establecimiento ni con la terraza de hostelería.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xuño, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.



II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 3.3 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 244 de data 24 de decembro de 2021, sendo aplicable dende o 24 de decembro de 2021.

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local como consecuencia da ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados, mostradores e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa durante os meses de xuño a setembro, ambos inclusivos.

IV. Devindicación

Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 7: “A taxa devindicarase entre os días 1 de xuño e 30 de setembro de cada exercicio.”

V. Inscripción e variación de datos padronais.

O artigo 3 da Ordenanza municipal dispón que: “1. Son suxeitos pasivos da Taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, independentemente de que se obtivera a correspondente licenza ou autorización. 2. Terán a condición de substitutos do contribuínte os cales soliciten as correspondentes licenzas, se non fosen os propios contribuíntes.”

VI. Comprobación.

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

De conformidade co informe da policía local que figura no expediente, “Desde ese año hasta la fecha no tiene ninguna relación ni con el establecimiento ni con la terraza de hostelería”, polo que procede a anulación do recibo indicado.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. ANULAR o recibo cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO
543000752991	20233515022ME01R000002				2023

SEGUNDO. COMUNICAR o presente acordo á Deputación da Coruña, para o seu coñecemento e trámites oportunos.

TERCEIRO. NOTIFICAR o presente acordo ó/á interesado/a.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

4. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO PERÍODO 2025. EXPTE: 2026/X999/000241

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 23.07.2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO PERÍODO 2025. EXPTE: 2026/X999/000241.

Solicitud: 202690000000931

Data: 27/06/2026

Solicitante: DEPUTACIÓN DA CORUÑA

S/EXPTE: 35180000017647

ANTECEDENTES

Datos ben inmovible:

Enderezo:

Ref. catastral:

Nº fixo recibo: 253000647000

Exercicios: 2025

Datos ben inmovible:

Enderezo:

Ref. catastral:

Nº fixo recibo: 253000647001

Exercicios: 2025

Primeiro. Preséntase solicitude pola Deputación da Coruña – Servizo Central de Recadación – Recursos, en data 27/06/2026 e nº de rexistro de entrada 202690000000931, de informe, se á vista das alegacións presentadas, as liquidacións que se refiren, foron correctamente practicadas ou ben procede a súa anulación.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación dos recibos do exercicio do 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia



A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos correctos de titularidade dos bens inmoables para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:



REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)
				PROP. (100,00%)

Os referidos titulares atópanse ao corrente do pagamento dos recibos do lixo do exercicio 2025.

VII. Anulación e baixa en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000647000	20253515022RL01R003590			PROMOCIONES PLAYA MAGDALENA S.L.	B15911258	2025
253000647001	20253515022RL01R003591			PROMOCIONES PLAYA MAGDALENA S.L.	B15911258	2025

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. ANULAR os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000647000	20253515022RL01R003590			PROMOCIONES PLAYA MAGDALENA S.L.	B15911258	2025
253000647001	20253515022RL01R003591			PROMOCIONES PLAYA MAGDALENA S.L.	B15911258	2025

SEGUNDO. Dar de baixa no Padrón Fiscal os recibos anulados.



TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

5. PROPOSTA DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS ÁS COMISIÓNS DE FESTAS PARROQUIAIS DE CEDEIRA ANO 2026

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.07.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000187

Procedemento: Concesión subvencións

Asunto: PROPOSTA DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS DESTINADAS ÁS COMISIÓNS DE FESTAS PARROQUIAIS DE CEDEIRA ANO 2026.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas ás comisións de festas de Cedeira para o ano 2026, que foron aprobadas mediante Decreto de Alcaldía número 337/2026 de data 02.06.2026 e publicadas no BOP de 12.06.2026. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e publicado no BOP de data 17.06.2026.

Visto o informe favorable de Intervención de data 20.07.2026.

Visto o Decreto nº 345/2023 de data 10 de xullo de 2023, BOP nº135 de data 17 de xullo de 2023 que delega no seu punto terceiro na Xunta de Goberno Local a seguinte atribución: “9) A aprobación da convocatoria, a concesión e xustificación de subvencións outorgadas polo concello, e a aprobación de convenios de colaboración”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a concesión das subvencións dirixidas ás comisións de festas de Cedeira para o ano 2026.

SEGUNDO. Dispoñer con cargo á aplicación 338.489.00 do vixente orzamento o gasto por importe de 8.000,00€ a favor das seguintes entidades:

- 1.600,00€ Comisión de festas San Cosme e San Roque con NIF V70571864
- 1.600,00€ Comisión de festas San Román con NIF V70571237
- 1.600,00€ Comisión de festas San Antonio do Corveiro con NIF V72467061
- 1.600,00€ Comisión de festas de Régoa con NIF V70546338
- 1.600,00€ Comisión de festas de Esteiro con NIF V70568571

TERCEIRO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 8.000,00€, con cargo a aplicación 338.489.00, retendo o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base sexta das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

- 1.600,00€ Comisión de festas San Cosme e San Roque con NIF V70571864
- 1.600,00€ Comisión de festas San Román con NIF V70571237



- 1.600,00€ Comisión de festas San Antonio do Corveiro con NIF V72467061
- 1.600,00€ Comisión de festas de Régoa con NIF V70546338
- 1.600,00€ Comisión de festas de Esteiro con NIF V70568571

CUARTO. Notificar a presente Resolución ás entidades interesadas con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. DEVOLUCIÓN AVAL DO SUBMINISTRO DE TRACTOR CON MÁQUINA ROZADORA LATERAL

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.07.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2021/C005/000005

Asunto: DEVOLUCIÓN AVAL DO SUBMINISTRO DE TRACTOR CON MÁQUINA ROZADORA LATERAL”

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.11.2021 foi adxudicado o contrato de “SUBMINISTRO DE TRACTOR CON MÁQUINA ROZADORA LATERAL” á empresa FARIÑA MAQUINARIA, S.L. polo importe de 98.000,01 € (IVE incluído).

Con data 11.11.2021 a empresa FARIÑA MAQUINARIA S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a xustificación de ter constituída a garantía definitiva mediante transferencia do Banco Santander de data 08.11.2021 polo importe de 4.049,59 €

Consta no expediente a acta de recepción do referido subministro, de data 15.12.2021.

Con data 23.06.2026 (rex. entrada núm. 2026/999/1448) a empresa FARIÑA MAQUINARIA S.L. solicita a devolución da garantía definitiva depositada mediante transferencia do Banco Santander de data 08.11.2021 polo importe de 4.049,59 €.

Consta no expediente o informe emitido polo redactor do Prego de prescricións técnicas con data 20.07.2026, favorable á devolución da citada garantía.

Visto o informe da Tesourería Municipal de data 23.07.2026 que indica que consta constituída por FARIÑA MAQUINARIA, S.L., con CIF número B70104781, unha garantía definitiva por importe de CATRO MIL CORENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.049,59 €).
Visto o informe favorable da Intervención Municipal de data 23.07.2026.

Visto o artigo 111 da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que indica: “1. A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.



2. Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou seguro de caución. O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía. Transcorrido o mesmo, a Administración deberá aboar ao contratista a cantidade debida incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido desde o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía, se esta non se fixo efectiva por causa imputable á Administración”.

Considerando que, de conformidade co previsto na Disposición adicional segunda da LCSP 2017, é o Alcalde o órgano de contratación competente. Dita competencia foi obxecto de delegación polo Alcalde na Xunta de Goberno Local por Resolución da Alcaldía número 345/2023 de 10 de xullo do 2023 (BOP número 135 de data 17 de xullo de 2023).

En base ao anterior esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Acordar a devolución, a favor de FARIÑA MAQUINARIA, S.L., con CIF B70104781 a garantía definitiva por importe de CATRO MIL CORENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (4.049,59 €), como consecuencia da adxudicación do contrato administrativo de “SUBMINISTRTO DE TRACTOR CON MÁQUINA ROZADORA LATERAL”, en cumprimento do establecido no artigo 111 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, e o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas que rexen a licitación de referencia, unha vez finalizada obra e visto o informe do redactor do Prego de prescricións técnicas.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería municipais para que procedan á devolución da garantía definitiva prestada.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á entidade mercantil FARIÑA MAQUINARIA, S.L., con CIF B70104781 para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. CONTRATO MENOR DE OBRAS DE CANALIZACIÓN ELÉCTRICA E DE COMUNICACIÓNS NO ESTACIONAMENTO DE SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.07.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE OBRAS DE CANALIZACIÓN ELÉCTRICA E DE COMUNICACIÓNS NO ESTACIONAMENTO DE SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

Expte.: 2026/C002/000027

Nas proximidades do núcleo de San Andrés de Teixido hai dous espazos municipais destinados a estacionamento de vehículos, e o Concello está interesado en acometer as obras necesarias para unha futura instalación de dous parquímetros. Por isto se inicia a contratación externa das obras.

O gasto consiste na execución das obras necesarias para apertura e peche de zanxas para canalización eléctrica e de comunicacións no estacionamento de San Andrés de Teixido.



Para estas obras recibíronse os seguintes orzamentos:

- PROYMEL MONTAJES, S.L., con CIF B70057898. Presenta con data 04.06.2026 (R. E. 2026/999/1202) o orzamento núm. P23726r1 relativo a apertura e peche de 268 m. de zanja para canalización eléctrica e de comunicacións, e 11 arquetas de formigón; e apertura de 125 m. de zanja para canalización eléctrica, e instalación de 4 arquetas de formigón, no estacionamento de San Andrés de Teixido, polo importe de 14.820,00 € e 3.112,20 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 17.932,20 €).
- TÉCNICAS ELÉCTRICAS ACEBRE, S.L., con CIF B70297460. Presenta con data 01.07.2026 (R. E. 2026/999/1536) o orzamento núm. 8114 relativo a apertura e peche de 268 m. de zanja para canalización eléctrica e de comunicacións, e 11 arquetas de formigón; e apertura de 125 m. de zanja para canalización eléctrica, e instalación de 4 arquetas de formigón, no estacionamento de San Andrés de Teixido, polo importe de 16.968,99 € e 3.563,49 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 20.532,48 €).
- MONTAJES ELÉCTRICOS ADZAI, S.L., con CIF B21988423. Presenta con data 01.07.2026 (R. E. 2026/999/1531) o orzamento núm. 600200183/01 relativo a apertura e peche de 268 m. de zanja para canalización eléctrica e de comunicacións, e 11 arquetas de formigón; e apertura de 125 m. de zanja para canalización eléctrica, e instalación de 4 arquetas de formigón, no estacionamento de San Andrés de Teixido, polo importe de 18.303,00 € (impuestos non incluídos).

Con data 06.07.2026 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 17.932,00 € (IVE incluído).

Con data 16.07.2026 emítese pola Intervención municipal un informe de retención de crédito polo mesmo importe.

Por todo o exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.

2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a PROYMEL MONTAJES, S.L., con CIF B70057898, as obras consistentes en apertura e peche de 268 m. de zanja para canalización eléctrica e de comunicacións, e 11 arquetas de formigón; e apertura de 125 m. de zanja para canalización eléctrica, e instalación de 4 arquetas de formigón, no estacionamento de San Andrés de Teixido, de acordo co orzamento núm. P23726r1, polo importe de 14.820,00 € e 3.112,20 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 17.932,20 €).

3.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE PONTE INCLINADA NA VÍA FERRATA “SENDA DO SANTO”

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 23.07.2026, que literalmente di:



“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE PONTE INCLINADA NA VÍA FERRATA “SENDA DO SANTO”

Expte.: 2026/C002/000030

Dende o Concello de Cedeira imos a seguir organizando actividades que dinamicen o verán no noso pobo, en concreto con actividades de escalada dirixida á xuventude que se van a levar a cabo na Serra da Capelada.

Neste caso trátase dunha ampliación da Vía ferrata “Senda do Santo”, na Serra da Capelada, consistente na instalación dunha ponte inclinada de 80 m. de lonxitude, cos seus elementos (cable portante, peldaños, línea de vida, anclaxes...)

Constan presentados os seguintes presupostos para o subministro e instalación dunha ponte inclinada cos seus elementos (cable, peldaños, línea de vida, anclaxes...) na vía ferrata “Senda do Santo” na Serra da Capelada:

- R.E. 2026/999/1685 de 10.07.2026 de Tierra y Ferro Mountain Logistics S.L: presuposto polo importe de 14.890,00 € e 3.126,90 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 18.016,90 €)
- R.E. 2026/999/1694 de 10.07.2026 de Román Barbeito Baldomir (Enxebre-Xplore): presuposto núm. 26/0006 polo importe de 15.600,00 € e 3.276,00 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 18.876,00 €)
- R.E. 2026/999/1704 de 13.07.2026 de Inmaculada Reina Pérez (Trackroot, S.C.A): presuposto con código 312026 polo importe de 16.489,00 € e 3.462,69 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 19.951,69 €)

Con data 21.07.2026 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 18.016,90 € (IVE incluído).

Con data 22.07.2026 emítese pola Intervención municipal un informe de retención de crédito polo mesmo importe.

Por todo o exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a Tierra y Ferro Mountain Logistics S.L, con CIF B93655470, o subministro e instalación dunha ponte inclinada cos seus elementos (cable, peldaños, línea de vida, anclaxes...) na vía ferrata “Senda do Santo” na Serra da Capelada, de acordo co seu orzamento, polo importe de 14.890,00 € e 3.126,90 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 18.016,90 €).
- 3.- Notificar o presente acordo aos licitadores.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 426/2026 DE DATA 13.07.2026 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL- PROGRAMA I -TR350E

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 429/2026 de data 13.07.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL- PROGRAMA I- TR350E

Vista Orde do 22 de maio de 2026, da Consellería Promoción do Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro.

Tendo en conta que no artigo 6 da referida Orde establece que os servizos que desenvolvan as persoas contratadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Que sexan prestadas polas entidades beneficiarias en réxime de administración directa
- Que se presten ou executen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia
- Que a duración dos contratos das persoas desempregadas que desenvolvan a prestación dos servizos en tarefas relacionadas cos fins da entidade beneficiaria sexa como mínimo de 9 meses e a xornada a tempo completo, ao ser esa a duración e a xornada máxima subvencionable.
- Que a entidade beneficiaria dispoña de asignación orzamentaria suficiente para facerse cargo dos gastos non subvencionables.

Visto que no artigo 7 da devandita Orde se establece as contías de subvención seguintes para cada grupo e por cada traballador/ra contratado/a:

Ocupación	Grupo	Subvención custo unitario 9 meses
Axudantes non titulados, oficiais administrativos, subalternos, auxiliares administrativos, oficiais e peóns	4 a 10	16.902,64€

Visto Informe de Intervención municipal de data 13/07/2026 de existencia de financiamento suficiente para a parte dos custos non financiada.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público



Segundo.- Solicitar subvención á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2026 para a contratación a través de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego durante 9 meses a xornada completa de persoas mozas, inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil co obxecto de proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral a:

- 1 Oficial Administrativo , Grupo 5

Sendo os costes de esas contratacións os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE
Retribucións	17.730,98 €
S.S. Empresa	5.700,51 €
Total	23.431,48 €

Terceiro.- Aceptar as condicións recollidas na orde de convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 429/2026 DE DATA 15.07.2026 DE SOLICITUDE DE AXUDA FINANCIADA AO ABEIRO DAS AXUDAS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS, AS SÚAS ADAPTACIÓNS E MAQUINARIA VINCULADA A ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS - PR486F

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 429/2026 de data 15.07.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE AXUDA FINANCIADA AO ABEIRO DAS AXUDAS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS, AS SÚAS ADAPTACIÓNS E MAQUINARIA VINCULADA A ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS PR486F

Vista a ORDE do 3 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrência competitiva, destinadas a concellos de Galicia para a adquisición de vehículos, as súas adaptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios forestais, cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 PR486F, publicada no DOGA número 110 de 15 de xuño de 2026.

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que entre a documentación a presentar, deberá achegar acordo da entidade municipal relativo á participación nesta convocatoria de axudas.

Vistas as memorias técnica e explicativa presentadas para o proxecto “Adquisición dunha miniescavadora tipo KOMATSU PC24MR-5 e implementos para actuacións de prevención de incendios forestais” cun orzamento sen IVE de 50.018,00 € e de 60.521,78 € con IVE.

Polo exposto, **RESOLVO:**



Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria para o ano 2026 das axudas para a adquisición de vehículos, as súas adaptacións e maquinaria vinculada a actuacións de prevención de incendios forestais para o proxecto “Adquisición dunha miniescavadora tipo KOMATSU PC24MR-5 e implementos para actuacións de prevención de incendios forestais” cun orzamento sen IVE de 50.018,00€ e de 60.521,78€ con IVE incluído.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde de convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 433/2026 DE DATA 20.07.2026 DE APROBACIÓN DO ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER 2026 (EXPTE 2026/A006/000009)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 433/2026 de data 20.07.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto. APROBACIÓN DO ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER 2026 (EXPTE 2026/A006/000009)

Visto o borrador do texto do Acordo de agrupación dos Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira para a solicitude da subvención do programa de apoio ao Centro de Información á Muller proposto polo Concello de Ortigueira.

Visto que o día 12 de xuño de 2026, publicouse no DOGA núm. 109, a Orde da Consellería de Política Social e Igualdade, de 3 de xuño de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o apoio aos centros de información á muller (CIM), de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se convocan para o ano 2026.

Na actual situación de crise económica, a xestión compartida dos servizos configúrase como unha solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes acordan a solicitude conxunta da subvención destinada aos Centros de Información á Muller contida na Orde da Consellería de Política Social e Igualdade, de 3 de xuño de 2026.

Visto o informe de Secretaría de data 16 de xullo de 2026, favorable con observacións.



Considerando que a firma do antedito convenio non supón a adopción polo concello de novas competencias, xa que a súa finalidade é a solicitude conxunta polos Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira da subvención destinada aos Centros de Información á Muller, contida na Orde da Consellería de Política Social e Igualdade, de 3 de xuño de 2026, neste suposto o CIM de Ortigueira, que consta recoñecido e acreditado desde o 14 de abril de 2005, polo que non hai creación de novos servizos municipais ou asunción de novas competencias.

Resultando que en data 20 de xullo de 2026 foi asinada por esta Alcaldía a Memoria xustificativa formulada en cumprimento do disposto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na Resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente e as delegacións previstas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local pola necesidade urxente de aprobación do ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER 2026, ao abeiro do previsto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- APROBAR O ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER 2026 que se incorpora como anexo desta Resolución.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

ANEXO

ACORDO DE AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA PARA A SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN DO PROGRAMA DE APOIO AO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER

En Ortigueira, ade xullo de 2026

REUNIDOS

Dona Ana María López Fernández, Alcaldesa do Concello de Cariño
Don Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde do Concello de Cedeira
Don Alberto Rey Paz, Alcalde do Concello de Cerdido
Don Alfredo Dovale Pedreira, Alcalde do Concello de Mañón
Don José Valentin Calvín Fondevila, Alcalde do Concello de Ortigueira.

Comparecen en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA). Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN



Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25.1 establece que “ o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo

No artigo 2.o recóllese que “ O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades autónomas, nas seguintes materias:

o) actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.”

.” O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos

que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños/as. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, os concellos obríganse a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar conxuntamente as actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalacións, coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administración locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños/as una actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Terceiro.- Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida da veciñanza, sendo preciso realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos.

Cuarto.- A Xunta de Galicia, convoca anualmente as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, permitindo a **solicitude de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida**, das devanditas subvencións, entre as que se encontra a destinada ao apoio aos CIM.

O 12 de xuño de 2026, publicouse no DOGA núm. 109, a Orde da Consellería de Política Social e igualdade, de 3 de xuño de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o apoio aos Centros de Información á muller de forma individual o sistema de xestión compartida e se convocan para o ano 2026, código de procedemento SI427B.

Quinto.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa**

Sexto.- Por todo o anterior, os concellos asinantes acordan agruparse para a solicitude conxunta da subvención de apoio aos Centros de Información á Muller mediante o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-O CIM

O Concello de Ortigueira ten recoñecido e acreditado un Centro de Información á Muller (CIM) dende o 14 de abril de 2005 cuxas funcións, segundo o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, as seguintes:

1. Os CIM, dentro do seu ámbito territorial e na súa área de influencia, poderán desenvolver as funcións e prestar os servizos que a continuación se relacionan:
 - a) Asesoramento xurídico e atención psicolóxica ás persoas e colectivos a que se refire o artigo 2.
 - b) Atención específica ás mulleres vítimas de violencia de xénero e, de ser o caso, ás fillas, fillos e persoas menores ao cargo da muller vítima, ou maiores dependentes, facilitando o acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma, incluíndo a xestión urxente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que sexan oportunos.
 - c) Atención específica a mulleres en situación de especial vulnerabilidade co obxectivo de mellorar a súa situación persoal, social ou laboral.
 - d) Información sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial e, se é o caso, área de influencia.



- e) Difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes e da necesidade da consecución de igualdade de dereitos e de integración social do colectivo LGTBI.
- f) Funcionamento como canle de comunicación entre as persoas usuarias e os distintos organismos que teñan competencias en materia de muller e igualdade e atención e integración do colectivo LGTBI.
- g) Información sobre cursos, estudos e xornadas en materia de igualdade de oportunidades, tanto no ámbito de xénero como para o colectivo LGTBI e, en especial, difusión de actividades e servizos desenvolvidos polo órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade, tanto no relacionado co xénero como coa temática da diversidade sexual.
- i) Actuacións de dinamización levadas a cabo por persoas expertas en xénero e igualdade, cara á integración da perspectiva de xénero nos programas e actuacións que desenvolve a entidade local, así como o establecemento de canles de comunicación e colaboración con outros axentes presentes no territorio e que poidan ser de interese para o desenvolvemento das actividades do centro no ámbito educativo, sanitario, etc.
- j) Recepción de denuncias e queixas en materia de discriminación por razón de xénero ou por razón da identidade ou orientación sexual no ámbito da publicidade e nos medios de comunicación e traslado destas aos órganos competentes.
- k) Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos.
- l) Colaboración co órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia naqueles casos en que este órgano o demande para a atención ás persoas usuarias e para a promoción da igualdade de xénero, no exercicio das súas competencias.
- m) Colaboración e coordinación con outras administracións públicas que poida redundar na mellora da atención ás persoas usuarias.
- n) Impulso para a constitución e funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero como mecanismo útil para a harmonización de todos os axentes e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.
- ñ) Fomento do asociacionismo do colectivo LGTBI e de actividades encamiñadas á súa integración efectiva en todos os ámbitos da vida social e económica.
- o) Calquera outra actividade que se adecúe ao obxectivo prioritario da consecución da igualdade, sobre todo nos ámbitos laboral e social.

2. De conformidade co establecido no artigo 2, as funcións das letras b) e c), relativas á violencia de xénero e á atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, terán carácter prioritario na actividade dos CIM.

3. Con respecto ao exercizo das funcións establecidas neste artigo relativas ao colectivo LGTBI, o persoal do CIM terá en conta a posibilidade de derivación cando existan servizos ou centros públicos de titularidade municipal ou autonómica especializados nesta materia no mesmo termo municipal, ou na entidade local correspondente, sempre que a persoa que solicita atención cumpra cos requisitos necesarios para poder ser atendida no servizo ou centro a que se deriva e este poida, de acordo coas funcións que lle son propias, prestar a información ou asesoramento concreto que se demanda.

SEGUNDA. – OBXECTO.-

O obxecto do presente convenio é fixar as principais liñas de colaboración para que os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira soliciten conxuntamente a subvención de apoio aos CIM convocada anualmente pola Xunta de Galicia, co fin de que o persoal do CIM de Ortigueira realice actividades de información, de asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación, e mellora de empregabilidade, ás persoas usuarias dos concellos agrupados, sen que isto supoña a creación de novos servizos municipais de acordó co artigo 297 da lei 5/1997.

TERCEIRA.- AMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial será o correspondente aos concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira.

CUARTA.- ACTUACIÓNS A REALIZAR

A. REPRESENTACIÓN DA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS

Os concellos asinantes nomean a José Valentín Calvín Fondevila, alcalde do Concello de Ortigueira, para a representación única, tanto na coordinación como na interlocución, ante a Consellería de Política social e Igualdade.

B. OBRIGAS E COMPROMISOS

1. O Concello de Ortigueira como representante executará a actuación, solicitará a subvención de apoio aos CIM ante a Consellería de Política Social e será este concello quen reciba e xustifique íntegramente a totalidade da subvención.



2.A xestión do CIM será realizada polo Concello de Ortigueira e incluírá todo o relacionado cos aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).

3.O persoal do CIM do Concello de Ortigueira, asesora xurídica e psicóloga, realizarán actividades de información, asesoramento, orientación, mellora da empregabilidade e formativas dirixida a todas as persoas usuarias dos concellos agrupados. O persoal dependerá exclusivamente do Concello de Ortigueira, sen que os concellos agrupados teñan ningunha vinculación legal co persoal do CIM.Esta actividade desenvolverase dende a sede do Centro de Información á Muller do Concello de Ortigueira, situado actualmente no Centro Social, Alameda s/n da localidade de Ortigueira.

4.Os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido e Mañón prestarán colaboración técnica e administrativa e difundirán a existencia do servizo asumindo o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención, sen que teñan que facer aportación económica algunha.

QUINTA- RECOÑECEMENTOS EXPRESOS DOS CONCELLOS AGRUPADOS

Os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira:

1.Os Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón e Ortigueira cumpren os requisitos e condicións establecidos na Orde da Consellería de Política Social e igualdade, de 3 de xuño de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o apoio aos Centros de Información á muller de forma individual o sistema de xestión compartida e cumpren cós requisitos e subvencións establecidos na normativa xeral de subvencións do artigo 8.3 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

2.Non están incursos en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3.Non está incursos en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5.Están ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma

6.Teñen cumprido o requisito de remisión de contas xerais do exercicio 2024 ao Consello de Contas de Galicia.

7.O Concello de Ortigueira ten cumprido o requisito de remisión da memoria de funcionamento anual do CIM corresponde ao ano 2025 ante a Consellería de Política social da Xunta de Galicia.

8.Coñecen as obrigas derivadas da convocatoria, en particular as establecidas no artigo 5 da Convocatoria de subvencións.

9.Comprométense a que as actuacións subvencionadas sexan desenvolvidas por profesionais con especialización acreditada nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e/ou erradicación da violencia de xénero.

10.Os concellos de Ortigueira, Cedeira, Cerdido e Cariño contan con Concellería de Igualdade.

11.Asumen o compromiso de colaboración e coordinación e traballo en rede e recollida de datos a través da aplicación informática do CIM desenvolvida pola Consellería de Política Social e Igualdade.

12.Os Concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón renuncian á solicitude individual dun CIM.

SEXTA.-COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO, VIXIANZA E CONTROL

Para facilitar o seguemento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituírase unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por un representante de cada concello, á que poderán asistir técnicos/as dos mesmos. Ás súas principais funcións serán:

- seguemento da xestión do Programa.



- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de adendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O convenio estenderá a súa vixencia durante UN ANO sen prexuízo de que antes de que remate dito prazo os concellos acordén outro tipo de colaboración administrativa

OCTAVA – NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

NOVENA.- NORMATIVA APLICABLE En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.

DÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO.-

Son causas de resolución: según o artigo 51 da LRJS

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes

UNDÉCIMA – JURISDICCIÓN COMPETENTE Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dos tribunais do orde xurisdiccional contencioso-administrativo. En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, no lugar e data que se sinala no encabezamento con distribución posterior aos asinantes da correspondente copia autenticada.

Asdo: Ana María López Fernández, alcaldesa do concello de Cariño

Asdo: Pablo Diego Moreda Gil, alcalde do concello de Cedeira

Asdo: Alberto Rey Paz, alcalde do concello de Cerdido

Asdo: Alfredo Dovale Pedreira, alcalde do concello de Mañón

Asdo: José Valentín Calvín Fondevila alcalde do concello de Ortigueira”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

12. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 436/2026 DE DATA 21.07.2026 DE PARTICIPAR DE FORMA ASOCIADA COS CONCELLOS DE CARIÑO, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA, NA SOLICITUDE, MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA DAS SUBVENCIONS CONVOCADAS MEDIANTE ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE, DE 3 DE XUÑO DE 2026 (DOG NÚM. 109 DO 12.06.2026) (EXPTE 2026/A006/000009)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 436/2026 de data 21.07.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA



Asunto: PARTICIPAR DE FORMA ASOCIADA COS CONCELLOS DE CARIÑO, CERDIDO, MAÑÓN E ORTIGUEIRA, NA SOLICITUDE, MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA DAS SUBVENCIÓNS CONVOCADAS MEDIANTE ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE, DE 3 DE XUÑO DE 2026 (DOG NÚM. 109 DO 12.06.2026) (EXPTE 2026/A006/000009)

Resultando que corresponde á Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación conferida por esta Alcaldía consonte o disposto na Resolución de Alcaldía nº 345/2023 de 10 de xullo, a competencia para acordar a solicitude (e aprobar o correspondente convenio), mediante o sistema de xestión compartida, das subvencións convocadas mediante a Orde da Consellería de Política Social e Igualdade, de 3 de xuño de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o apoio aos centros de información á muller (CIM), de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, código de procedemento SI427B (DOG núm. 109 do 12.06.2026).

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, consonte o disposto na Resolución de Alcaldía Nº 345/2023 de 10 de xullo, por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Participar de forma asociada cos Concellos de Cariño, Cerdido, Mañón e Ortigueira, na solicitude, mediante o sistema de xestión compartida, das subvencións convocadas mediante a Orde da Consellería de Política Social e Igualdade, de 3 de xuño de 2026, de apoio aos CIM, código de procedemento SI427B (DOG núm. 109 do 12.06.2026).

TERCEIRO.- Nomear representante con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden á citada agrupación/asociación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda ao Alcalde do Concello de ORTIGUEIRA.

CUARTO.- Asumir os seguintes compromisos de execución:

O concello de Cedeira prestará colaboración técnica e administrativa e difundirá a existencia do servizo asumindo o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención, sen que teñan que facer aportación económica algunha.

QUINTO.- O concello representante é o que percibe, xestiona e xustifica o 100% dos fondos da subvención.

SEXTO.- Declarar que este Concello remitiu as respectivas contas do exercicio 2024 ao Consello de Contas de Galicia, con data 01.10.2025 (nº de rexistro 2025-E-RC-1559).

SÉTIMO.- Asumir o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención.

OITAVO.- Asumir o compromiso solidario de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de Subvencións de Galicia, e todos os concellos quedarán obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.



NOVENO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

13. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:00 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretario, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

O SECRETARIO
NEDAL PABLO SHEHADEH REY